

Na viaxe do Silencio.

Título da dinámica **As mensaxes do silencio.**

Duración da dinámica 50'

Público obxeto Grupos de 10-25 persoas de 1-2 ESO.

Síntesis do vídeo.

"Na viaxe do silencio" é o terceiro audiovisual dunha triloxía que nos fala do asentamento chabolista da Pasaxe, na cidade da Coruña. Nel se retrata á xeración máis vella das que ali viven a través dunha serie de entrevistas que nos contan como foi o paso do tempo nas súas difíciles condicións de vida. As súas historias agroman a través da memoria o longo proceso de busca do espazo vital.

Obxetivos.

- Describir as características dun hábitat precario concreto – representado no vídeo-..
- Motivar a reflexión sobre o hábitat axeitado
- Analizar as historias de vida, e os ciclos vitais das persoas que habitan un hábitat precario
- Valorar como inflúe o paso do tempo en colectivos en exclusión social.

Material Preciso

Aula de audiovisuais, pantalla, Proxector de vídeos, cadeiras.

Espazo

Aula con capacidade para entre 15-20 persoas

Metodoloxía

Aprendizaxe guiado a través do visionado dun documental sobre un caso de proximidade da contorna da área metropolitana de A Coruña.

Presentación da temática 2'

Visionado do vídeo. 18'

Debate de análise e reflexión final grupal. 30

Desenvolvemento da dinámica. 50'

1_ Presentación do vídeo e encadre dentro do proxecto 2'

2_ Visualización do vídeo 18'

3_ A partires da visualización completa do vídeo, identificaranse as características do hábitat no que se desenvolve o documental 5'

Preguntas disparadoras:

- Pensas que é un hábitat axeitado o visionado no vídeo? Cales son as características do hábitat existente no documental?
- Cales consideras que son as características dun hábitat axeitado?

4_ Análise sobre as experiencias relatadas por María Luisa e Adolfo, Carminda, Cándida e Joao. Expón cales son as tipoloxías dos asentamentos nos que viviron ao longo do tempo e relatan. Cal delas resaltarías? Por qué? 10'

5_ Análise sobre a percepción das historias de vida que se relatan nos vídeos con respecto aos aspectos físicos e psicolóxicos. 12'

Preguntas disparadoras:

- Qué aspectos da saúde física pensas que poden verse afectados? (saúde física: febres, catarros, infeccións; saúde psicolóxica: autoestima, depresión, estres, etc)
- Cómo pensas que afecta á saúde das persoas maiores a permanencia no tempo en hábitats precarios?

6_ Finalmente. Comparativa do hábitat dos avós do alumnado e a evolución da vida dos mesmos. 10'